

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 27 DE MAIO DO 2013.**

=====

No Concello de Cangas, cando son as dezanove horas e corenta minutos do día vinte e sete de maio do dous mil trece, previa convocatoria, reúnen os/as seguintes concelleiros/as: D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos, D. José Luis Gestido Porto e D^a M^a Lucía Lede Fernández, baixo a presidencia do Sr. alcalde, Jose Enrique Sotelo Villar, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Pola presidencia declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar os seguintes puntos da orde do día:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA EN DATA 20 DE MAIO DO 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada en data 20 de maio do 2013.

CONTRATACIÓN

2º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE ASCENSORES E MONTACARGAS INSTALADOS EN DISTINTAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS.

Examinada a proposta da Alcaldía de data 24.5.13, referente a adxudicación do contrato de "SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE ASCENSORES E MONTACARGAS", instalados en distintas dependencias municipais, que é como segue:

"ACORDO RELATIVO Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE MANTEMENTO DOS ASCENSORES MUNICIPAIS.

Vista a proposta de adxudicación realizada pola mesa de contratación constituída para a valoración das ofertas presentadas na licitación do servizo de mantemento de ascensores municipais, de conformidade co artigo 151 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, ACORDA:

** Requirir á empresa 'ORONA, SOCIEDAD COOPERATIVA', como empresa licitadora que achegou a oferta economicamente máis vantaxosa para que no prazo de 10 días hábiles presente a seguinte documentación:*

- *Xustificante de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

- *Xustificante de ter constituída garantía definitiva por importe de OITOCENTOS CORENTA E DOUS CON CORENTA E UN (842,41) EUROS, equivalente ao 5% do importe de adxudicación, IVE excluído (tendo en conta as dúas anualidades do contrato) por calquera dos medios a que se refire o artigo 96-TRLCSF.*

- *Xustificante de ter aboado os gastos que lle corresponden do anuncio de licitación: SESENTA E OITO CON VINTE (68,20) EUROS (dita cantidade poderán facela efectiva na conta nº 2080 5022 15 3110008929)."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a adxudicación do contrato de "SERVIZO DE MANTENIMENTO E CONSERVACIÓN DE ASCENSORES E MONTACARGAS", instalados en distintas dependencias municipais.

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

3º.- ESCRITO DE LOURDES LEMOS BERMÚDEZ S/COMUNICACIÓN DE OCUPACIÓN DE POSTO Nº 36 DA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL.

_____Visto o escrito presentado en data 15.5.13 por LOURDES LEMOS BERMÚDEZ, DNI 73.240.850-H, con enderezo en Camiño de Menduíña, nº 44-Aldán, no que indica que por acordo de Xunta de Goberno Local de data 8.4.13, se lle adxudicou o posto nº 36 de venda de peixe na Praza de Abastos Municipal, polo que comunica que con data 3.5.13 xa procedeu a ocupar o mencionado posto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Autorizar, con carácter definitivo, a Lourdes Lemos Bermúdez a transmisión da condición de concesionaria do posto nº 36 de venda de peixe no Mercado de Abastos Municipal, do que na actualidade é titular, Jesús Bermúdez Herbello.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á interesada e ó Departamento de Tesourería Municipal.

MEDIO AMBIENTE, PRAIAS, MAR E MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO

4º.- PROPOSTAS DO CONCELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, PRAIAS, MAR E MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO

S/CONCESIÓN DE LICENZAS PARA INSTALACIÓN DE QUIOSCOS EN TERREOS PRIVADOS.

4.A) PROPOSTA DE DATA 20.5.13 DO CONCELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, PRAIAS, MAR E MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO S/CONCESIÓN DE LICENZAS PARA INSTALACIÓN DE QUIOSCOS EN TERREOS PRIVADOS, EN ZONA DE SERVIDUME E DURANTE A TEMPADA DE VERÁN-2013.

Dase conta de proposta de data 20.5.13 do concelleiro de Medio Ambiente, Praias, Mar e Mancomunidade de Concellos do Morrazo, para a concesión de licenzas para a instalación de quioscos en terreos privados, en zona de servidume e durante a tempada de verán-2013, que é como segue:

"O concelleiro de Medio Ambiente, Praias, Mar e Mancomunidade de Concellos do Morrazo, D. Jesús Graña Graña, propón á Xunta de Goberno Local, para a súa aprobación o seguinte:

- *Primeiro.- Concesión de licenza de apertura para instalación de quiosco desmontable en terreo privado, en zona de servidume, durante a tempada de verán 2013, autorizado administrativamente pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, cumprindo coas condicións do anexo.*

- *Segundo.- Dar traslado do presente acordo ós interesados e ós departamentos de Intervención, Xestión de Ingresos e Estatística.*

1.- "MEDUSA, C.B.", CIF E-94076486, representado por ROI CAMPOS FERNÁNDEZ, con enderezo na Avda de Vigo, nº 14-2ºB-Cangas, para a instalación de un quiosco de 20,00 m2., no lugar de Praia de Rodeira-O Espírito Santo-Coiro.

2.- MARCO DE CESERO FEIJOO, con NIE X0641390-N, con enderezo en rúa Serafín Avendaño, nº 11-6ºB-Vigo, para a instalación de un quiosco de 12,00 m2., no lugar de Praia Areabrava-O Hío.

3.- JESÚS OTERO OTERO, con DNI 76811767-R, con enderezo en Estrada do Hío a Vilanova, nº1-O Hío, para a instalación de un quiosco de 20,00 m2., no lugar de Praia Areabrava-O Hío.

4.- TAMARA LEMOS COSTAS, con DNI 53113418-R, con enderezo en R/ Bernardino Graña, nº 5-1ºA-Moaña, para a instalación de un quiosco de 20,00 m2., no lugar de Pinténs-O Hío.

5.- MARÍA MIRIAM SOTO BERNÁRDEZ, con DNI 78734046-D, con enderezo en Cmño. da Garita, nº 23-Rodeira-Cangas, para a instalación de un quiosco de 9,60 m2., no lugar de Rodeira-Cangas.

ANEXO

As licenzas outorgadas estarán sometidas ás seguintes

CONDICIÓN:

1º.- Previamente á instalación deberase proceder ó pagamento das taxas que por concesión de licenza temporal lle sexan liquidadas pola Intervención Municipal.

2º.- O horario de apertura será de 10,00 a 22,00 horas.

3º.- Queda prohibida calquera tipo de ambientación musical.

4º.- Deberá deposita-lo lixo e desperdicios no colector do lixo máis próximo, debendo habilitar, á súa costa, un colector no caso de que os de propiedade municipal resulten insuficientes. O abandono da limpeza ou aspecto degradado na instalación será causa suficiente para a anulación da autorización.

5º.- A autorización outorgada é intransferible.

6º.- Queda prohibida a venda ou elaboración de calquera tipo de comidas, podéndose unicamente proceder á venda de bebidas e xelados, non admitíndose tampouco o consumo de comidas aportadas polos usuarios.

7º.- Tódalas súas conduccións de servizo terán que seren soterradas e o sistema de saneamento garantirá unha eficaz eliminación das augas residuais, así como, a ausencia de malos cheiros. Con este obxecto, as instalacións deberán conectarse á rede xeral de saneamento, se existe, quedando en todo caso prohibidos os sistemas e drenaxe e absorción que poidan afectar á área ou á calidade das augas de baño.

8º.- A instalación será desmontada transcorridos quince días (15) desde a súa extinción.

9º.- Non se permitirá a construción de obras de fábrica ou outras obras fixas, debendo efectuarse a instalación con materiais desmontables de cor branco, madeira ou similares.

10º.- O prazo de vixencia estenderase desde o día 1 de xuño ata o 30 de setembro do 2013.

11º.- Disporase do correspondente certificado sanitario e do seguro de accidentes para os/as usuarios/as.

12º.- O/A titular e o persoal ás súas ordes deberá exhibir, en calquera momento no que así se solicite, por calquera autoridade competente para iso, a correspondente autorización.

13º.- Observarase o previsto no RD 2817/83 do 13 de outubro, e na Orde do 31 de marzo de 1976 (BOE do 24 de abril).

14º.- Advírteselle ó/á interesado/a que no caso de instalación de quiosco sen cumprimentación dos requisitos solicitados, procederase por parte da Policía Local ó levantamento inmediato desta, dando lugar, así mesmo, ás accións legais que o concello estime oportunas."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente, referente a concesión de licenzas para a instalación de quioscos en terreos privados, en zona de servidume e durante a tempada de verán-2013.

4.B) PROPOSTA DE DATA 20.5.13 DO CONCELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, PRAIAS, MAR E MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO S/CONCESIÓN DE LICENZAS PARA INSTALACIÓN DE QUIOSCOS EN TERREOS PRIVADOS, EN ZONA DE SERVIDUME E DURANTE A TEMPADA DE VERÁN-2013.

Dase conta de proposta de data 20.5.13 do concelleiro de Medio Ambiente, Praias, Mar e Mancomunidad de Concellos do Morrazo, para a concesión de licenzas para a instalación de quioscos en terreos privados, en zona de servidume e durante a tempada de verán-2013, que é como segue:

"O Concelleiro de Medio Ambiente, Praias, Mar e Mancomunidad de Concellos do Morrazo, D. Jesús Graña Graña, propón á Xunta de Goberno Local, para a súa aprobación, o seguinte:

• Primeiro.- Concesión de licenza de apertura para instalación de quiosco desmontable en terreo privado, en zona de servidume, durante a tempada de verán 2013, autorizado administrativamente pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Cumprindo coas condicións do anexo.

• Segundo.- Dar traslado do presente acordo ós interesados e ós departamentos de Intervención, Xestión de Ingresos e Estatística.

1.- IRIA OUTEIRAL OTERO, con DNI 39455156-J, con enderezo na Avda. de Vigo, nº 21-1º-Cangas, para a instalación de un quiosco de 15,00 m2., no lugar de Praia de Nerga-O Hío.

2.- RAFAEL MOLANES PENA, con DNI 53115038-B, con enderezo en Carballal, nº 18-Coiro-Cangas, para a instalación de un quiosco de 14,00 m2., e terraza de 6,00 m2., no lugar de Praia de Arneles-O Hío.

ANEXO

As licenzas outorgadas estarán sometidas ás seguintes

CONDICIÓN S:

1º.- Previamente á instalación deberase proceder ó pagamento das taxas que por concesión de licenza temporal lle sexan liquidadas pola Intervención Municipal.

2º.- O horario de apertura será de 10,00 a 22,00 horas.

3º.- Queda prohibida calquera tipo de ambientación musical.

4º.- Deberá deposita-lo lixo e desperdicios no colector do lixo máis próximo, debendo habilitar, á súa costa, un colector no caso de que os de propiedade municipal resulten insuficientes. O abandono da limpeza ou aspecto degradado na instalación será causa suficiente para a anulación da autorización.

5º.- A autorización outorgada é intransferible.

6º.- Queda prohibida a venda ou elaboración de calquera tipo de comidas, podéndose unicamente proceder á venda de bebidas e xelados, non admitíndose tampouco o consumo de comidas aportadas polos usuarios.

7º.- Tódalas súas conduccións de servizo terán que seren soterradas e o sistema de saneamento garantirá unha eficaz eliminación das augas residuais, así como, a ausencia de malos cheiros. Con este obxecto, as instalacións deberán conectarse á rede xeral de saneamento, se existe, quedando en todo caso prohibidos os sistemas e drenaxe e absorción que poidan afectar á área ou á calidade das augas de baño.

8º.- A instalación será desmontada transcorridos quince días (15) desde a súa extinción.

9º.- Non se permitirá a construción de obras de fábrica ou outras obras fixas, debendo efectuarse a instalación con materiais desmontables de cor branco, madeira ou similares.

10º.- O prazo de vixencia estenderase desde o día 1 de xuño ata o 30 de setembro do 2013.

11º.- Disporase do correspondente certificado sanitario e do seguro de accidentes para os/as usuarios/as.

12º.- O/A titular e o persoal ás súas ordes deberá exhibir, en calquera momento no que así se solicite, por calquera autoridade competente para iso, a correspondente autorización.

13º.- Observarase o previsto no RD 2817/83 do 13 de outubro, e na Orde do 31 de marzo de 1976 (BOE do 24 de abril).

14º.- Advírteselle ó/á interesado/a que no caso de instalación de quiosco sen cumprimentación dos requisitos solicitados, procederase por parte da Policía Local ó levantamento inmediato desta, dando lugar, así mesmo, ás accións legais que o concello estime oportunas."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente, referente a concesión de licenzas para a instalación de quioscos en terreos privados, en zona de servidume e durante a tempada de verán-2013.

4.C) PROPOSTA DE DATA 23.5.13 DA ALCALDÍA S/CONCESIÓN DE LICENZAS PARA INSTALACIÓN DE QUIOSCOS EN TERREOS PRIVADOS, EN ZONA DE SERVIDUME E DURANTE A TEMPADA DE VERÁN-2013.

Dase conta de proposta de data 23.5.13 da Alcaldía, para a concesión de licenzas para a instalación de quioscos en terreos privados, en zona de servidume e durante a tempada de verán-2013, que é como segue:

"PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

Aberto o prazo, desde o 25 de febreiro ata o 31 de marzo, para que todos aqueles veciños/as interesados/as na instalación de quioscos de verán en terreo privado presentaran a súa petición no rexistro de entrada do concello, de

acordo coa documentación esixida no bando dictado pola Alcaldía, e presentadas as seguintes solicitudes:

<u>Nome e apelidos</u>	<u>DNI</u>	<u>Situación</u>	
<i>Primo Manuel Piñeiro Costas (Mexilloeiras-O Hío). Camiño da Garita, nº19-Nerga-O Hío.</i>	<i>78732348-J</i>	<i>Praia</i>	<i>Areameán</i>
<i>Myriam Fernández Cordeiro Estrada de Bueu, nº 25-Vilariño-O Hío.</i>	<i>78737512-W</i>	<i>Praia de Barra (Nerga).</i>	

O bando cos criterios para a concesión de servizos de tempada foron expostos no taboleiro no taboleiro de anuncios do concello, e indicando que o prazo da instalación será do 1 de xuño ata o 30 de setembro do ano que andamos.

Con base no cumprimento dos requisitos esixidos no bando publicado, xunto coas solicitudes e documentación aportada polos interesados, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO.- Procédase á aprobación da autorización para a instalación de quiosco de verán en terreo privado ó solicitante presentado, de acordo coas condicións e requisitos esixidos no bando publicado pola Alcaldía, e previo pago nas arcas municipais das taxas da concesión.

ANEXO

As licenzas outorgadas estarán sometidas ás seguintes

CONDICIÓN S:

1º.- Previamente á instalación deberase proceder ó pagamento das taxas que por concesión de licenza temporal lle sexan liquidadas pola Intervención Municipal.

2º.- O horario de apertura será de 10,00 a 22,00 horas.

3º.- Queda prohibida calquera tipo de ambientación musical.

4º.- Deberá deposita-lo lixo e desperdicios no colector do lixo máis próximo, debendo habilitar, á súa costa, un colector no caso de que os de propiedade municipal resulten insuficientes. O abandono da limpeza ou aspecto degradado na instalación será causa suficiente para a anulación da autorización.

5º.- A autorización outorgada é intransferible.

6º.- Queda prohibida a venda ou elaboración de calquera tipo de comidas, podéndose unicamente proceder á venda de bebidas e xelados, non admitíndose tampouco o consumo de comidas aportadas polos usuarios.

7º.- Tódalas súas conducións de servizo terán que seren soterradas e o sistema de saneamento garantirá unha eficaz eliminación das augas residuais, así como, a ausencia de malos cheiros. Con este obxecto, as instalacións deberán conectarse á rede xeral de saneamento, se

existe, quedando en todo caso prohibidos os sistemas e drenaxe e absorción que poidan afectar á área ou á calidade das augas de baño.

8º.- A instalación será desmontada transcorridos quince días (15) desde a súa extinción.

9º.- Non se permitirá a construción de obras de fábrica ou outras obras fixas, debendo efectuarse a instalación con materiais desmontables de cor branco, madeira ou similares.

10º.- O prazo de vixencia estenderase desde o día 1 de xuño ata o 30 de setembro do 2013.

11º.- Disporase do correspondente certificado sanitario e do seguro de accidentes para os/as usuarios/as.

12º.- O/A titular e o persoal ás súas ordes deberá exhibir, en calquera momento no que así se solicite, por calquera autoridade competente para iso, a correspondente autorización.

13º.- Observarase o previsto no RD 2817/83 do 13 de outubro, e na Orde do 31 de marzo de 1976 (BOE do 24 de abril).

14º.- Advírteselle ó/á interesado/a que no caso de instalación de quiosco sen cumprimentación dos requisitos solicitados, procederase por parte da Policía Local ó levantamento inmediato desta, dando lugar, así mesmo, ás accións legais que o concello estime oportunas."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, referente a concesión de licenzas para a instalación de quioscos en terreos privados, en zona de servidume e durante a tempada de verán-2013.

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

5º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS.

5.A) SOLICITUDE DE CARLOS DEL VALLE SUÁREZ S/SINALIZACIÓN EN COIRO.

Vista a solicitude presentada en data 14.3.13 por CARLOS DEL VALLE SUÁREZ, con enderezo en Igrexario, nº 14-Coiro, na que reclama sinalización diversa sinalización na zona do Igrexario en Coiro.

Examinado, así mesmo, o informe emitido en data 18.4.13 pola Policía Local, que indica o seguinte:

"Nº REX: 776/13

ASUNTO: SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN EN COIRO.

Os axentes da Policía Local de Cangas con número de identificación profesional 052024 e 052027, por medio do presente, Informan:

Que en relación ó escrito presentado por CARLOS DEL VALLE SUÁREZ, con Rexistro de Entrada nº 3149 de data 14 de marzo do 2013 e á solicitude de informe da concelleira de Tráfico e Policía, María Luisa Prieto Rial, en referencia á falla de sinalización na zona, os axentes consideran:

- Que no camiño que sube despois da igrexa, se debería de colocar un sinal de prohibición R-308 (Estacionamento Prohibido en todo o vial) e outro sinal de indicación S-15a (Presinalización de calzada sen saída).

- Que na estrada EP-1001, en ambos sentidos e antes da confluencia coa subida á Igrexa de Coiro, se debería de colocar un sinal de advertencia de perigo P-1 (Intersección con prioridade). E así mesmo, no sentido de circulación da Madalena-Coiro, colocar un sinal de prohibición R-301 (velocidade máxima 40 km/h). Sendo o titular desta vía a Deputación.

Achégase reportaxe fotográfica."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido pola pola Policía Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local, transcrito anteriormente, referido a diversa sinalización en zona de Igrexario-Coiro.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ó interesado, Deputación Provincial e ó departamentos de Oficina Técnica e Policía Local.

URXENCIAS:

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA.

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE EMPREGO S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS DE PROGRAMAS DE COOPERACIÓN CON ENTIDADES LOCAIS ANO 2013.

Dase conta de proposta de data 24.5.13 da concellería de Emprego e Turismo, referente a solicitude de subvencións de programas de cooperación con entidades locais para o ano 2013, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE EMPREGO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS Ó ABEIRO DA ORDE DO 3 DE MAIO DO 2013 DE PROGRAMAS DE COOPERACIÓN CON ENTIDADES LOCAIS-ANO 2013.

Vista a Orde do 3 de maio do 2013, pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2013, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais, a Concelleira de Emprego e Turismo propón á Xunta de Goberno Local, o seguinte:

PRIMEIRO.- Solicitar ó abeiro da citada Orde do 3 de maio do 2013, subvención para a contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as, de acordo coa seguinte táboa, que contrataría o Concello de Cangas, en caso de percibirse a pertinente subvención por parte da Consellería de Traballo e Benestar:

SERVIZO	OCUPACIÓNS SOLICITADAS	DURACIÓN CONTRATO	XORNADA	Nº DE TRABALLADORES
AULA ESTIMULAC. NENOS/AS CON DIFICULTADES	1 Fisioterapeuta 1 Pedagogo ou Psicopedagogo 1 Mestre especialidade Pedagogía Terapéutica	6 meses	Completa	3
SALVAMENTO EN PRAIAS	2 Patróns 4 Socorristas	2 meses	Completa	6
APOIO A LIMPEZA MUNICIPAL	6 Limpadores/as	5 meses	Completa	6
				15

SEGUNDO.- Aprobar os proxectos que respecto dos servizos para os que se solicita a subvención, constan no expediente.

TERCEIRO.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente, D. José Enrique Sotelo Villar, con D.N.I. nº 35.285.485-N, para que asine a solicitude de subvención.

CUARTO.- Remitir o presente acordo á Xefatura Territorial de Vigo da Consellería de Traballo e Benestar, achegado da documentación que sinala a citada orde."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita da concellería de Emprego e Turismo, referente a solicitude de subvencións de programas de cooperación con entidades locais para o ano 2013.

B) APROBACIÓN DE PROXECTO DE APERTURA DA CASA DE OFICIOS "LORENZO CORBACHO".

Examinado o proxecto de apertura da Casa de Oficios "LORENZO CORBACHO", redactado en maio do 2013 polo arquitecto municipal, no que

queda constancia de que a instalación reúne as condicións hixiénicas, acústicas, de habitabilidade e de seguranza axeitadas coma centro de formación.

Visto que se trata de un inmovible que figura no Inventario de Bens do Concello de Cangas e como tal non necesita da concesión de licenza urbanística municipal, se ben sí debe cumprir tódolos requisitos esixidos para a obtención desta, mediante a aprobación do sinalado proxecto elaborado para o efecto polo arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar o proxecto de apertura da Casa de Oficios "LORENZO CORBACHO", redactado en maio do 2013 polo arquitecto municipal.

C) ESCRITO DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA S/APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN DE VARIOS COMEDORES ESCOLARES.

Visto o escrito da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no que achegan modelo de convenio de colaboración para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros de ensino público non universitario do Concello de Cangas, polo que solicitan, así mesmo, a conformidade do convenio de referencia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o modelo do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros de ensino público non universitario do Concello de Cangas

SEGUNDO.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente para a sinatura do convenio de referencia.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, así como, ó Centro Municipal de Benestar Social.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E non tendo máis asuntos de que tratar, rematou a sesión cando son as dezanove horas e cincuenta e cinco minutos do mesmo día, do que eu, secretaria, dou fe.